



## INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	3 de xullo de 2014.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBSTITUCIÓN E AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares “para a contratación administrativa para a substitución e ampliación do espazo de almacenamento do cpd do Parlamento de Galicia mediante procedimento abierto”, infórmase que o mesmo axústase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (TRLCSP), e á demais normativa aplicable en materia de contratación administrativa. Non obstante, recoméndase que na redacción do prego, con independencia dos tecnicismos necesariamente existentes, se utilice unha linguaxe clara e descriptiva en galego ou castelán, segundo se trate, especificando na medida do posible o significado das abreviaturas e acrónimos procedentes en moitos casos do inglés.

Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.

Completado o expediente de contratación ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

A letrada

María Aneiros González